

- * *Memoria e orzamento do subministro:* 48.081,30 € consistente nunha pasarela de madeira e tres módulos de aseos dobre con cabina para homes por un lado e cabina para mulleres e discapacitados polo outro).
- * *Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:*
Tramitación: Urxente.
Procedemento: Aberto.
Forma: Concurso.
- * *Obtención de información e documentación:* No Concello de Bueu. R/ Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu (Pontevedra). Teléfono: 986 390 029. Telefax: 986 322 099. Data límite de obtención de documentos e información: ata o último día de prazo para a presentación de ofertas, este incluído.
- * *Tipo ou presuposto de licitación:* 48.081,30 €, IVE engadido.
- * *Partida (aplicación) orzamentaria:* 452.61100.
- * *Requisitos específicos do contratista:* Requisitos xerais sinalados no prego de condicións económico administrativas.
- * *Lugar de presentación de ofertas:* Rexistro Xeral do Concello de Bueu (R/ Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu (Pontevedra) no horario de apertura ó público (de 8 a 14 h, sábados de 9.30 a 13 h.).
- * *Prazo de presentación das proposicións:* Trece días naturais, que comezará contar a partir do día seguinte ó de publicación do último anuncio de licitación no Boletín ou Diario Oficial correspondente. Cando o derradeiro día do prazo coincida en domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día laborable seguinte.
- * *Apertura das proposicións:* O 3º día hábil seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións no Salón de Plenos do Concello, sempre que non sexa sábado, caso este no que a apertura dos sobres se realizará o primeiro día hábil seguinte.
- * *Criterios obxectivos de adxudicación:* Artigo 86 do TRLCAP e cláusula 24.
- * *Garantía provisional:* Non é esixible. Garantía definitiva: 4% do importe de adxudicación do contrato.
- * *Revisión de prezos:* Non se establece.
- * *Gastos de anuncios:* Serán sempre por conta do adxudicatario.

Asimismo, aprobada a correspondiente Memoria exponse ó público durante o prazo de 10 días ós efectos do seu estudio e co fin de efectuar alegacións por quen estime ter interés ó respecto.

Bueu, 19 de febreiro de 2008.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2008002106**

PONTEAREAS

A N U N C I O

Non téndose formulado reclamacións aos acordos de aprobación provisional adoptados pola Corporación Municipal o 27 de novembro de 2.007, en materia de ordenanzas, os acordos quedan elevados automaticamente a definitivos, cuxo texto íntegro é o seguinte:

Modificación dos artigos 6 e 7 da Ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas na escola de música Vila do Corpus, cuio literal se transcribe a continuación:

“Modifícase o Artigo 6º (Cota tributaria) engadíndoselle o apartado 1 e 2 e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

1.—A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos

2.—No caso de que existan cotas pendentes de pagamento algunha débeda, ésta poderase esixir pola vía de prema a través dos servizos de recadación da Deputación (ORAL).

Modifícase o artigo 7º (Beneficios Fiscais) engadíndoselle o apartado 1, e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

1.—Gozarán dunha bonificación do 5% da cota por primeira e única vez durante os dous primeiros anos os suxeitos pasivos que domicilien as súas cotas nos dez primeiros días do período voluntario por domiciliación bancaria nas entidades Financeiras con sucursal neste municipio. As devolucións bancarias das cotas domiciliadas, poranse ao cobro na recadación municipal pola cota íntegra, sen aplicación da bonificación por domiciliacións”.

Modificación dos artigos 5 e 6 da Ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do concello, cuio literal se transcribe a continuación:

“Modifícase o Artigo 5º (Cota tributaria) engadíndoselle o apartado 1 e 2 e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

1.—A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos

2.—No caso de que existan cotas pendentes de pagamento algunha débeda, ésta poderase esixir pola vía de prema a través dos servizos de recadación da Deputación (ORAL).

Modifícase o artigo 6º (Beneficios Fiscais) engadíndoselle o apartado 1, e polo tanto queda redactado da seguinte maneira: